

## Revolución dos Cravos



A revolución dos cravos é o nome dado ao levantamento militar do 25 de abril do ano 1974 que provocou a caída da ditadura salazarista, que dominaba Portugal dende 1926. Este réxime era coñecido como Estado Novo. Despois do 25 de abril fíxose a restauración da democracia en Portugal, permitíndolles ás últimas colonias portuguesas lograr a súa independencia. Portugal converteuse nun Estado democrático de dereito liberal.

Os impulsores desta protesta foron os movementos das Forças Armadas.

### Como se crearon as Forças Armadas?

En febreiro do ano 1974, o ditador Caetano foi obrigado pola vella garda do réxime a destituír ao xeneral Antonio de Spínola e aos seus apoios cando trataba de modificar o curso da política colonial portuguesa, pois esta chegara a ser demasiado custosa para o país. Spínola gañara fama entre os oficiais do exército opostos ao réxime cando nese mesmo mes publicou : Portugal e o futuro, con bastante éxito. Neste escrito declaraba que o país non debía proseguir a guerra colonial en África, senón buscar unha

“solución política” a ese conflito. Dende ese momento no que se fixeron visibles as divisións existentes no seo da elite do réxime, un clandestino Movemento das Forças Armadas levou adiante unha revolución.

### Como se desenvolveu a revolta militar?

Esta revolución da que estamos a falar comezou o 24 de abril ás 22:55 horas, coa canción E despois do Adeus, de Paulo Carvalho, e ás 00:25 horas do 25 de abril a radio transmitiu Grândola, Vila Morena. Esta canción revolucionaria de José Afonso estaba prohibida polo réxime. E tamén era o segundo sinal pactado polas Forças Armadas para ocupar os puntos estratéxicos do país, a través dunha serie de coordinacións fixadas por un posto de mando establecido por Otelio Saraiva de Carvalho no cuartel da Pontinha, en Lisboa.

Horas máis tarde, o réxime ditatorial derrubouse cando, a partir das 01:00 horas deste 25 de abril, nas principais cidades do país (O Porto, Santarém, Faro, Braga, Viana do Castelo) decidiron seguir as órdes do MFA, ocupando aeroportos e aeródromos, así como tamén tomando as intalacions do goberno civil. Fóra de Lisboa a situación discorreu con sorprendente calma, e ao largo da madrugada as autoridades do Estado Novo perderon o control do estado sen opoñer resistencia.

A pesar de que dende as 03:00 horas do 25 de abril se emitiron continuos chamamentos radiofónicos dos “capitáns de abril” á poboación para que permanecese nos seus fogares, e á policía, para que non se opuxesen ás actividades das tropas, ao amencer dese mesmo día

milleiros de civís portugueses encheron as rúas en varias localidades, mesturándose cos militares sublevados.

No transcurso da madrugada, os militares rebeldes saíran dos seus cuarteis e ocuparan os aeroportos internacionais de Lisboa e O Porto, ordenando o cese dos voos en todo o espacio aéreo portugués. Unidades da mariña de guerra adheríronse á revolta, e tomaron o control dos portos do Atlántico, de Madeira e das Azores.

Nun principio as tropas da aviación estiveron indecisas, mais logo aceptaron seguir ao MFA debido á decidida actuación do conxunto das tropas do exército.

Ás 04:00 horas o goberno de Caetano tomou coñecemento da revolta e perdeuse o factor sorpresa. Mais as ordes do goberno, ditadas durante as tres horas seguintes para deter aos rebeldes pola forza, non foron obedecidas, e axiña as forzas do MFA controlaron os puntos claves do país ás 09:00 horas.



## De onde vén o símbolo dos cravos?

Dita flor fíxose símbolo da revolución debido a unha muller portuguesa que andaba pola rúa con ramos de cravos, e íallos ofrecendo aos militares que os aceptaban e logo colocaban nas escopetas como signo de paz.



Sen necesidade ningunha de violencia, acabouse cunha ditadura que levaba en vigor máis de corenta anos, dando comezo así a unha nova etapa en Portugal.

**Rocío Suárez Grille e Alba Tuñas Fornís. 1º Bacharelato-B**